

FALADOIRO NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Miranda, Ameixeiras e Caride reflexionan en Santiago sobre os xéneros narrativos

A biblioteca do [Consello da Cultura Galega](#) acollerá este xoves 28 de setembro ás 17:00 horas o faladoiro 'O escribir ten cancelas: as fronteiras da narrativa'. No debate, tres escritores de diferente traxectoria, Xosé Miranda, Diego Ameixeiras e Ramón Caride, analizarán a incidencia dos xéneros narrativos na creación de obras literarias. Deste xeito, a Sección de Literatura e Industriais da Edición do CCG retoma as súas tertulias mensuais, cun encontro que será aberto ao público en xeral.

- 12:47 27/09/2006

Victor F. Freixanes conducirá o faladoiro sobre as funcións e distribucións dos xéneros narrativos. Neste debate participarán como convidados principais escritores que exploran nas súas obras diferentes enfoques de xénero.

[Diego Ameixeiras](#) (Lausanne, 1976), recibiu o Premio Xerais neste 2006 e ten publicadas dúas obras ben recibidas por crítica e lectores, [Baixo mínimo](#) (Xerais, 2005) e [O cidadán do mes](#) (Xerais 2006), encadradas as dúas no xénero da novela negra.

Pola súa parte, [Ramón Caride](#) (Cea, 1957) ten unha ampla obra publicada e está recoñecido como un dos máximos expoñentes da literatura fantástica e de fantasía científica do país. Gañou o Premio Blanco Amor con [Soños eléctricos](#) (Xerais 1992) e o Premio Risco de Literatura Fantástica con [O sangue dos camiños](#) (Sotelo Blanco, 2003). Coa súa novela "Sarou" (Xerais, 1997), centrada no mundo do narcotráfico, gañou o Premio Café Dublín.

Completa o cadro de participantes [Xosé Miranda](#) (Lugo, 1955). Especialista en literatura de tradición oral, gañou o Premio Xerais coa novela [Morning Star](#) (Xerais, 1998) e o Premio de novela Manuel García Barros, con [Historia dun paraugas azul](#) (Xerais, 1991).